

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 29 DE DECEMBRO DE 2022,  
BAIXO A PRESIDENCIA DE  
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

### DECRETOS

#### **CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Decreto polo que se aproba o Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2023.

#### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol da Xunta de Galicia de todo o dominio público da rúa do Miño, no concello de Salvaterra de Miño.

#### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

- Decreto polo que se modifica a denominación da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo.
- Decreto polo que se declara ben de interese cultural a zona arqueolóxica de Adro Vello, na parroquia de San Vicente do Grove, no termo municipal do Grove (Pontevedra).

#### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Decreto de horarios, quendas de garda e vacacións das oficinas de farmacia.
- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público para o ano 2022 do persoal sanitario funcionario ao servizo da Comunidade Autónoma incluído no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas do persoal sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### ACORDOS

#### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN**

- Acordo polo que se declara proxecto industrial estratéxico o proxecto Gama de implantación dunha fábrica de fibras téxtiles a base de celulosa, en Palas de Rei (Lugo), promovido por Altri Participaciones y Trading, S.L.

#### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromiso de gasto de carácter plurianual relativo á Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de dúas bolsas de formación práctica na Axencia Turismo de Galicia e se procede á súa convocatoria para os anos 2023 a 2025. Tramitación anticipada de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello do Porriño para a humanización do antigo campo da feira do Porriño por importe total de catrocentos noventa e oito mil douscentos trece euros con doce céntimos (498.213,12€) por tramitación anticipada de gasto.

#### **CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Acordo polo que se autoriza a subscrición da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e Redes de Comunicación Galegas Retegal, S.A., para o despregamento da rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia, para prorrogar a súa duración ata o ano 2025 e ampliar o seu orzamento a cinco millóns seiscientos quince mil catrocentos noventa e dous euros con doce céntimos (5.615.492,12 €), cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para modificar a encomenda á sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A., para o desenvolvemento, xestión e mantemento de infraestruturas públicas no marco da actuación de extensión de redes de telefonía móbil en núcleos rurais e illados, financiado ao 100 % no marco do eixe REACT-EU do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 como resposta da Unión Europea á pandemia da COVID-19, cun orzamento de sete millóns setecentos cincuenta e un mil douscentos seis euros con cincuenta e dous céntimos (7.751.206,52€)

## CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, o Concello de Lugo e ADIF, para o desenvolvemento da nova área de transporte intermodal de Lugo e o seu contorno urbano, susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2021-2027, por importe de corenta e nove millóns douscentos sesenta e un mil seiscentos noventa e seis euros con setenta e seis céntimos (49.261.696,76 €), IVE incluído.
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación para a execución da obra: Mellora do abastecemento do sistema da marxe dereita da ría de Arousa. Ampliación da ETAP do sistema de abastecemento á Barbanza. Padrón (A Coruña), por importe oito millóns novecentos cincuenta e catro mil setecentos tres euros con noventa e cinco céntimos (8.954.703,95€), e cun valor estimado de sete millóns catrocentos mil cincocentos oitenta e un euros con setenta e oito céntimos (7.400.581,78€), Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea–NextgenerationEU, tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Arteixo para o saneamento na parroquia de Monteagudo, fase I, Arteixo (A Coruña), cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia 2014-2020, por importe de cincocentos corenta e cinco mil euros (545.000,00 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega das Industrias Culturais para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como a eximir da obriga de constituír garantías establecidas no artigo 67 do citado decreto na Resolución pola que se establecen as bases, en réxime de concorrência competitiva, de subvencións a salas de artes escénicas de titularidade privada e se convocan para o ano 2023, por importe de douscentos mil euros (200.000,00€), tramitado como anticipado de gasto.

### **CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE**

- Acordo polo que se autoriza subscribir o convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Asociación Clúster TIC Galicia para a realización de accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa en sectores estratéxicos e mellora das capacidades para a transición ecolóxica no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por un importe total de seiscentos sesenta e oito mil oitocentos corenta e seis euros (668.846,00€), tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza subscribir o convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Fundación Laboral da Construción para a realización de accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa en sectores estratéxicos e mellora das capacidades para a transición ecolóxica no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por un importe total de cincocentos noventa e tres mil catrocentos corenta e tres euros (593.443,00€), tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza subscribir o convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e CEAGA Fundación Clúster de Empresas de Automoción de Galicia para a realización de accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa en sectores estratéxicos e mellora das capacidades para a transición ecolóxica no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por un importe total de trescentos quince mil douscentos catorce euros (315.214,00€), tramitado como expediente anticipado de gasto.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza subscribir o convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e Cluergal Clúster das Enerxías Renovables de Galicia para a realización de accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa en sectores estratéxicos e mellora das capacidades para a transición ecolóxica no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por un importe total de trescentos cincuenta e un mil trescentos sesenta euros (351.360,00€), tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza subscribir o convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Federación Galega de Comercio para a realización de accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa en sectores estratéxicos e mellora das capacidades para a transición ecolóxica no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por un importe total de cincocentos sesenta e un mil setecentos euros (561.700,00€), tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a subscribir o Convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e Asime Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas de Galicia para a realización de accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa en sectores estratéxicos e mellora das capacidades para a transición ecolóxica no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por un importe total de catrocentos cincuenta e cinco mil setecentos noventa e oito euros (455.798,00€), tramitado como expediente anticipado de gasto.

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da redacción do proxecto básico e de execución, obra e dirección de obra do Centro Galego de Protonterapia en Santiago de Compostela susceptible de ser cofinanciada nun 60 % polo programa operativo Feder Galicia 2021-2027, por un importe total de licitación de vinte e dous millóns douscentos setenta e oito mil oitocentos noventa e seis euros con setenta e tres céntimos (22.278.896,73 €), con 21 % de IVE, e un valor estimado de dezaioito millóns catrocentos doce mil trescentos once euros con trinta e cinco céntimos (18.412.311,35 €), sen IVE, e cun prazo de execución de 28 meses.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración de ecógrafos de xinecoloxía e obstetricia con destino a centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde, susceptible de financiamento ao 100 % pola Unión Europea no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19, por importe de cinco millóns cento oitenta e un mil douscentos vinte euros (5.181.220,00€), IVE incluído, e un valor estimado do contrato de catro millóns douscentos oitenta e dous mil euros (4.282.000,00 €), sen IVE, tramitado como anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza o Servizo Galego de Saúde para a adquisición de compromiso de gastos de carácter plurianual, derivados da orde reguladora da convocatoria de subvención en réxime de concorrencia competitiva, que incorpora fondos procedentes do tramo autonómico de asignación tributaria do 0,7 % do IRPF destinado ás entidades privadas sen ánimo de lucro para a realización de programas de incorporación social en vivendas para pacientes estabilizados nas unidades asistenciais con especialización en drogodependencias da Comunidade Autónoma de Galicia, para os anos 2023 e 2024, tramitada como expediente anticipado de gasto, por importe de cincocentos cincuenta mil seiscientos cincuenta e seis euros (550.656,00€).
- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, derivados da Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o procedemento para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario no ámbito dos trastornos mentais, por importe total dun millón douscentos trinta e catro mil catrocentos vinte e dous euros (1.234.422,00 €).

## CONSELLERÍA POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Xuventude para a sinatura do convenio de colaboración que se formalice ao abeiro da Resolución pola que se convoca o procedemento de selección de entidade privada sen ánimo de lucro para a atención residencial e a intervención educativa integral e terapéutica con persoas menores que teñen que cumprir medidas xudiciais privativas de liberdade previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, no centro de reeducación de Monteledo e no centro de atención específica de Montefiz do complexo de Montealegre en Ourense. Importe total: dez millóns cento once mil seiscientos sesenta e tres euros con cincuenta e dous céntimos (10.111.663,52€).

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo ao procedemento de asignación do concerto social da execución do Programa de integración familiar, cofinanciado polo Fondo Social Europeo no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 (código de procedemento BS213H). Tramitación anticipada do gasto. Importe do orzamento do programa: tres millóns trescentos sesenta e seis mil douscentos trinta euros con corenta e tres céntimos (3.366.230,43€). Valor estimado: sete millóns setecentos trinta mil oitocentos corenta e catro euros con vinte céntimos (7.730.844,20€).

## CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e o Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia para a promoción e a mellora da comercialización do mexillón certificado DOP no ano 2023, por un importe total de cento sesenta mil euros (160.000,00 €).

## INFORMES

### VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Informe das axudas aos obradoiros de dixitalización, sustentabilidade e loxística avanzada para o ano 2023.

### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe sobre o inicio da tramitación do proxecto da terminal de autobuses integrada na estación intermodal de Lugo segundo o procedemento establecido na Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# O PROGRAMA ESTATÍSTICO DA XUNTA DE GALICIA INCLÚE 149 ESTATÍSTICAS SOBRE TERRITORIO, POBOACIÓN, SOCIEDADE, ESTRUTURA PRODUTIVA E TECNOLOXÍA

- Recolle tamén novas estatísticas sobre turismo de saúde, sector cultural e aproveitamentos forestais
- Este é o segundo programa do Plan galego de estatística 2022-2026, que consolida e amplía os logros dos anteriores e aposta pola calidade

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Programa estatístico de Galicia para 2023, con 149 estatísticas sobre territorio, poboación, sociedade, estrutura produtiva e tecnoloxía, cuxos resultados incrementarán a oferta informativa achegada polos sistemas estatísticos español e europeo. A elas súmanse outras 48 actuacións para afondar na difusión e análise de toda a información dispoñible sobre Galicia.

Entre as novidades salientan as estatísticas sobre turismo de saúde, o sector cultural e aproveitamentos forestais. Ademais, outras tarefas novas son as de actualizar as proxeccións de taxas de actividade, reeditar a enquisa dirixida ás empresas multilocalizadas, difundir información do emprego de novas tecnoloxías nos fogares ou realizar unha enquisa sobre as habilidades profesionais das persoas traballadoras.

O programa do vindeiro ano tamén medirá a renda municipal, ampliará a difusión da carga estacional de poboación dos concellos e actualizará os datos sobre poboación, paro, afiliacións e pensións con detalle por cuadrícula de 1 km<sup>2</sup>.

Outras actividades programadas que enriquecerán o coñecemento da economía galega son a elaboración da matriz de contabilidade social ou a difusión de información sobre escenarios macroeconómicos e posición cíclica.

Ademais, o IGE continuará a realizar as grandes enquisas dos programas anteriores como a enquisa de poboación activa ou a enquisa estrutural a fogares.

### **Segundo programa do Plan galego de estatística 2022-2026**

Este será o segundo programa do Plan galego de estatística 2022-2026, marco legal que consolidará e ampliará os logros dos anteriores. Ademais, coloca Galicia entre as comunidades autónomas dotadas dun sistema estatístico acorde cos principios internacionais de boas prácticas.

O plan asume expresamente o código de conduta adoptado polo Comité do Sistema Estatístico Europeo, que recolle os principios de independencia profesional do persoal estatístico, imparcialidade, obxectividade e transparencia, entre outros. Por tanto, a organización estatística de Galicia queda sometida a estes valores e o Goberno galego comprométese a respectalos e impulsalos.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O GOBERNO GALEGO AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DA XUNTA DA RÚA DO MIÑO, QUE UNE A ESTRADA PO-510 COA PONTE INTERNACIONAL ENTRE SALVATERRA E MONÇÃO**

- Transfírese á Administración autonómica a rúa do Miño para garantir a continuidade da rede de estradas da Xunta entre a PO-510 e a ponte internacional
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade prevé a remodelación desta vía municipal para adecuala ao tránsito internacional coas maiores garantías de seguridade para vehículos e veciños
- Os traballos licitaranse en 2023 e suporán un investimento autonómico de 350.000€
- Unha vez que rematen as obras de ampliación previstas, transferiranse os aparcadoiros e beirarrúas resultantes, de novo, ao Concello de Salvaterra de Miño

O Goberno galego autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol da Xunta da rúa do Miño, que une a estrada autonómica PO-510 coa ponte internacional entre Salvaterra de Miño e Monção, xa en Portugal.

A rúa do Miño é unha vía municipal de titularidade do Concello de Salvaterra de Miño, que comeza na glorieta do enlace entre as estradas autonómicas PO-403 e PO-510, discorre paralela á estrada PO-403 polo oeste, ata conectar coa ponte internacional sobre o río Miño, cuxa titularidade en territorio español ten formalmente desde 2021 a Xunta.

Esta vía municipal ten unha lonxitude de 1.106 metros. A Xunta ten previsto executar unha actuación nesta rúa coa finalidade de ampliar as dimensións da calzada actual para que estea adaptada ao importante tránsito de vehículos que cruzan a diario a fronteira.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de acordo cos informes emitidos polos servizos da Axencia Galega de Infraestruturas en Pontevedra, formula a proposta favorable de transferencia da rúa do Miño, que exerce na actualidade unha función de conexión da rede de estradas da República portuguesa coa rede de estradas autonómica de Galicia, a través da ponte internacional de Salvaterra de Miño-Monção.

Unha vez que se formalice o cambio de titularidade, a Xunta executará a obra de remodelación da rúa do Miño, para adecuala ao tránsito internacional que soporta, coas maiores garantías de seguridade para vehículos e veciños.

A previsión é licitar os traballos en 2023 cun investimento autonómico de 350.000 €.

Ao remataren as obras de ampliación proxectadas nesta rúa de titularidade transferiranse os aparcadoiros e beirarrúas resultantes, de novo, ao Concello de

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Salvaterra de Miño. Manteranse como de titularidade autonómica a calzada e as beiravías.

A transferencia da rúa Miño tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Este acordo do Executivo autonómico dálle o pulo definitivo á ordenación e racionalización da rede viaria do municipio de Salvaterra de Miño, tras formalizárense nos últimos anos distintos acordos de cambio de titularidade de estradas autonómicas en favor do Concello, que se culmina agora coa transferencia a favor da Xunta da rúa do Miño, como eixe viario autonómico que percorre a marxe norte do Miño (PO-400 e PO-510), a estrada que comunica coa A-53 e Pontearreas (PO-403) e a ponte internacional.

Esta ponte tamén está a ser mellorada por parte da Xunta e de Portugal, cunha obra de rehabilitación estrutural xa finalizada, e coa previsión de que en 2023 se redacte o proxecto de ampliación da plataforma da ponte para poder implantar un carril bici.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Mapa do ámbito do rúa do Miño obxecto do cambio de titularidade aprobado hoxe:

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CAMBIO DE NOME DA FACULTADE DE CIENCIAS E DA COMUNICACIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Pasará a denominarse Facultade de Comunicación, por solicitude da propia institución académica

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao cambio de denominación da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo, por petición desta institución académica, que pasará a denominarse Facultade de Comunicación. A modificación deriva da recente creación da Facultade de Dirección e Xestión Pública, en que se impartirá o grao coa mesma designación do ámbito das Ciencias Sociais e o máster correspondente.

Esta escisión permite unha maior especificidade na oferta de titulacións relacionadas co ámbito da comunicación que, unida a unha nova denominación do centro, pode ser beneficiosa en termos de posicionamento e competitividade.

A Universidade de Vigo presentou o 24 de novembro de 2022 a solicitude para o cambio de denominación da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, unha vez xa aprobada polo seu Consello de Goberno e Consello Social. O Consello Galego de Universidades emitiu informe favorable a esta solicitude, agora aprobada na reunión semanal do Goberno galego.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA APROBA A DECLARACIÓN BIC DA ZONA ARQUEOLÓXICA DE ADRO VELLO, NO GROVE

- A Consellería de Cultura culmina así o procedemento fundamentado no interese deste conxunto como recurso científico e cultural e na súa importancia histórica e arqueolóxica
- Desde a aprobación da Lei de patrimonio cultural de Galicia en 2016, a Xunta declarou 106 novos BIC, polo que hoxe en día Galicia suma un total de 779

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto de declaración como ben de interese cultural (BIC) na categoría de zona arqueolóxica de Adro Vello, o que supón a aplicación do réxime de tutela da Lei do patrimonio cultural de Galicia e o maior nivel de protección deste xacemento arqueolóxico do concello do Grove.

O Goberno autonómico culmina así o procedemento iniciado en 2021 para declarar BIC esta zona situada no bordo da praia do Carreiro, na parroquia de San Vicente do Mar. Fundaméntase no seu interese científico e cultural, así como na súa importancia histórica e arqueolóxica, que o configuran como un dos bens arqueolóxicos máis sobranceiros da Comunidade galega.

Nesta liña, o decreto aprobado hoxe e que se publicará posteriormente no *Diario Oficial de Galicia* establece que a zona arqueolóxica de Adro Vello constitúe un fito de importancia clave para comprender o pasado e presente da comarca do Salnés. Así, a súa longa secuencia de ocupación e a variada tipoloxía de restos, que van desde unha factoría de salgadura e unha vila romana ata un sistema defensivo, unha igrexa, restos de cerámica ou unha necrópole de inhumación con ata dez niveis, avalan o potencial de Adro Vello como un recurso de primeira magnitude e nunha das zonas arqueolóxicas máis importantes do noroeste peninsular.

A declaración impulsada pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades recolle tamén que o xacemento reúne as características necesarias como zona arqueolóxica debido ao seu carácter sobranceiro e valor singular.

Co Adro Vello xa son oito os bens de interese cultural declarados este ano, o que reflicte o importante compromiso do Goberno galego por protexer, conservar e poñer en valor o patrimonio sobranceiro da Comunidade. Así o demostran tamén os 106 novos bens declarados desde a entrada en vigor da Lei de patrimonio cultural de 2016, unha cifra que na actualidade ascende a un total de 779 bens de interese cultural en Galicia.

#### Delimitación e contorno

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tanto a delimitación coma o contorno de protección determinouse seguindo unha serie de criterios que permitisen unha preservación efectiva dos restos, atendendo á probable extensión destes e á morfoloxía do terreo. Para iso, procurouse seguir os límites actuais do catastro e a morfoloxía do propio terreo e integrouse tamén parte da praia tendo en conta a aparición constante de restos arqueolóxicos.

Ademais, no contorno de protección están integrados todos aqueles elementos arqueolóxicos, arquitectónicos e etnográficos próximos ao xacemento que foron localizados ou recuperados desde a época romana ata a actualidade co obxectivo de preservar os espazos cuxa afección pode estar vencellada á comprensión dos valores culturais, de estudo ou de apreciación deste xacemento.

### **Restos de época romana e altomedieval**

A zona arqueolóxica de Adro Vello presenta numerosos restos de época romana e altomedieval de grande interese arqueolóxico, científico e cultural. Concretamente, os restos existentes inclúen desde unha factoría, ata unha área de explotación de recursos mariños, unha necrópole, unha igrexa ou un conxunto defensivo baixomedieval (torre e cerca) e unha ara dedicada á deidade local *Deverius*.

Ademais da importancia para o estudo da época romana, esta zona tamén supón un punto estratéxico da tradición xacobeá que foi obxecto de varias actuacións arqueolóxicas de escavación entre 1983 a 1990, baixo a dirección de José Carro Otero. Durante este ano, a Xunta, coa colaboración da Universidade de Vigo, desenvolveu unha campaña para ampliar o coñecemento sobre este espazo cuxos primeiros resultados amosan un xacemento moi rico onde se visualizan 18 séculos da historia de Galicia.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA OPTIMIZA A PRESTACIÓN FARMACEÚTICA EN GALICIA COA APROBACIÓN DO NOVO DECRETO DE HORARIOS, GARDAS E VACACIÓNS PARA AS OFICINAS DE FARMACIA

- A norma garante que a cidadanía coñeza os horarios de apertura e qué oficinas de farmacia estarán abertas as 24 horas
- O novo decreto define a organización das quendas dos servizos de garda, atendendo ás características específicas das zonas dos rural galego, e a súa dispersión poboacional
- O texto introduce a obriga de dar cobertura ao conxunto dos PAC do Sergas, establecendo, polo menos, o acceso a unha farmacia de garda situada a menos de 15 quilómetros/minutos da súa localización
- A Xunta agradece a colaboración e as achegas dos catro colexios oficiais de farmacéuticos de Galicia para elaborar esta normativa

O Consello da Xunta aprobou, esta mañá, o novo decreto de horarios, quendas de garda e vacacións das oficinas de farmacia na Comunidade galega, en que tamén se define o número de profesionais farmacéuticos necesarios para levar a cabo a atención ao público nestes establecementos.

Co obxectivo de optimizar a cobertura da rede de atención farmacéutica en toda Galicia, a Xunta elaborou, en colaboración cos catro colexios oficiais de farmacia galegos, un novo decreto que responde ás necesidades fármaco-sanitarias da nosa comunidade, atendendo ás súas peculiaridades xeográficas e poboacionais.

### **Horarios e número de profesionais requiridos**

Co ánimo de garantir unha atención farmacéutica continuada e de calidade, o novo texto desenvolve a Lei 3/2019, de ordenación farmacéutica de Galicia, e substitúe a normativa en vigor neste ámbito, aprobada no ano 1999.

Neste senso, o decreto define uns horarios que poden ser adaptados e modulados segundo as circunstancias das oficinas de farmacia, mais sempre tendo en conta as necesidades da poboación a que prestan servizo. Así, establece unha xornada mínima de atención ao público de 38,5 horas semanais (con xornadas laborais mínimas de 7 horas diarias -de luns a venres-). No caso dos sábados, de xeito xeral o horario mínimo obrigatorio será de 3 horas e media.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As oficinas de farmacia galegas tamén poderán optar por permanecer abertas máis alá destes horarios mínimos obrigatorios. Así, poderán optar por uns horarios de apertura ampliados de ata 13,5 horas ao día –que se realizarán entre as 8.30h e as 22.30h–, ou ben, a un horario de 24 horas continuadas, todos os días do ano.

As farmacias deberán comunicar os seus horarios e modalidade de apertura aos seus respectivos colexios oficiais de farmacia, durante o mes de outubro anterior ao ano entrante. Con esta medida, a Xunta procura que a cidadanía coñeza que horarios de apertura ten cada oficina e, sobre todo, cales van cumprir os requisitos de estar abertas as 24 horas. Do mesmo xeito, o novo decreto establece a obriga de que esta información estea permanentemente actualizada nas páxinas web dos colexios oficiais de farmacéuticos de Galicia.

O decreto aprobado esta mañá tamén establece o número de profesionais requiridos para aquelas oficinas de farmacia que teñan un horario de apertura ampliado. O texto define que no caso daquelas oficinas cunha apertura ao público de ata 52,5 horas requirirase a presenza, como mínimo, dun farmacéutico titular; nas oficinas con apertura de entre 52,5 e 92,5 horas, será obrigatorio ademais a contratación dun adxunto farmacéutico; nas que conten con horarios entre 92,5h e 132,5 horas, deberán ser dous adxuntos os contratados, e, finalmente, no caso das farmacias que teñan horarios de apertura de máis de 132,5 horas, deberase contar coa presenza, como mínimo, de tres farmacéuticos adxuntos.

### **Quendas de garda, cobertura aos PAC e vacacións**

No que atinxe aos servizos de garda atendidos en servizos de quenda, estas realizarase coa presenza física de, polo menos, un profesional farmacéutico. Así, só por circunstancias excepcionais e debidamente acreditadas, os colexios oficiais de farmacéuticos poderán autorizar a realización de quendas de garda localizada, sempre que quede garantida a presenza física do persoal farmacéutico no momento da dispensación.

Como máximos coñecedores das necesidades farmacéuticas de cada provincia, a organización das quendas de garda corresponderalle aos colexios oficiais, que atenderán en todo momento á cobertura farmacéutica que precisa a poboación, á súa densidade, ou a accesibilidade a estes servizos.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Unha importante innovación respecto do anterior decreto é a inclusión, dentro dos criterios de regulación das quendas de garda, do concepto de *área de referencia dos puntos de atención continuada* (PAC). O decreto establece que a rede do servizo sanitario de urxencias que a Xunta presta a través dos PAC constitúe un elemento de primeiro nivel para configurala e, pola súa vez, a rede básica do servizo farmacéutico de urxencia debe garantir o acceso fácil e rápido á obtención dos medicamentos e produtos de farmacolóxicos.

Neste senso, e con carácter xeral, cando menos unha oficina de farmacia prestará servizo de garda para garantir o acceso á prestación farmacéutica ás persoas usuarias que sexan coincidentes xeograficamente coa localización dos PAC. En todo caso, as farmacias incluídas nas quendas de garda de cada área de referencia, deberán estar situadas a menos de 15 quilómetros do PAC, ou a menos de 15 minutos.

Respecto dos períodos de vacacións, as oficinas de farmacia poderán cesar temporalmente nas súas actividades durante un período vacacional de máximo un mes ao ano, e sempre e cando queden debidamente cubertas as necesidades de atención farmacéutica durante as 24 horas do día na zona farmacéutica a que pertencen.

Sobre este particular, o decreto establece que durante os períodos de vacacións deberán permanecer abertas polo menos o 50 % das oficinas de cada zona farmacéutica. Non obstante, en zonas farmacéuticas rurais con menos de 6 oficinas de farmacia non se terá en conta esta porcentaxe.

No mes de decembro de cada ano, os colexios oficiais de farmacéuticos e farmacéuticas remitirán á Consellería de Sanidade os calendarios de quendas de garda das oficinas de farmacia situadas en cada provincia provincia. Así mesmo, os peches por motivo do período vacacional deberán ser comunicados, polo menos, con 20 días de antelación.

A Xunta de Galicia agradece a colaboración e as achegas realizadas polos catro colexios oficiais de farmacia de Galicia, cos cales foi consensuado este texto normativo.

### **Desenvolvemento da Lei de ordenación farmacéutica de Galicia**

A Lei 3/2019, do 2 de xullo, de ordenación farmacéutica de Galicia, aprobada pola Parlamento de Galicia, é unha das lexislacións máis modernas de España. Así, para a súa axeitada aplicación, o Executivo galego esta a realizar o desenvolvemento regulamentario en determinadas materias sinaladas no seu articulado.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta de Galicia iniciou este desenvolvemento regulamentario acometendo a regulación da dispensación dos sistemas personalizados de dosificación en oficinas de farmacia. O resultado deste traballo foi a aprobación Decreto 87/2022, do 19 de maio, polo que se regulan as condicións e os requisitos para a preparación e entrega de sistemas personalizados de dosificación nas oficinas de farmacia da Comunidade Autónoma de Galicia.

Xunto co anterior, o departamento sanitario da Xunta tamén traballa no decreto de desenvolvemento do artigo 7.2 da Lei de ordenación farmacéutica de Galicia, que aborda os supostos especiais de entrega a domicilio de medicamentos e produtos sanitarios a través das farmacias comunitarias e dos servizos de farmacia hospitalaria, para favorecer a continuidade asistencial e evitar desprazamentos innecesarios dos paciente aos hospitais, facilitando así o acceso a fármacos e produtos sanitarios de pacientes crónicos, persoas de idade avanzada ou que vivan en zonas illadas.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA INICIA A CONVOCATORIA DE MÁIS DE 5.700 PRAZAS FIXAS DE PERSOAL DO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE

- O Consello da Xunta aprobou hoxe unha oferta pública de emprego público de 20 prazas de persoal funcionario sanitario da escala de saúde pública e administración sanitaria
- Estas prazas, sumadas ás pendentes de convocar de anteriores OPE e do proceso de consolidación, posibilitarán a incorporación de 123 novos funcionarios que reforzarán as áreas de inspección sanitaria e de saúde pública
- Ao tempo, o Sergas publicou esta semana as resolucións de convocatorias de prazas de persoal estatutario, nas cales tamén se acumulan as da oferta de estabilización e as pendentes de convocar de ofertas anteriores, chegando ás 5.651 prazas
- En particular, ofértanse 192 prazas de medicina de familia dentro do conxunto de 765 prazas de persoal facultativo convocadas

A Xunta de Galicia avanza no proceso de consolidación de emprego público no eido sanitario cumprindo co compromiso de publicar, antes de final de ano, as convocatorias da oferta de emprego extraordinaria derivada dese proceso. O Goberno galego decidiu aproveitar estas convocatorias para incorporar nelas as prazas pendentes das ofertas públicas de emprego dos últimos anos, facilitando unha execución conxunta, e permitindo unha das maiores ofertas da historia da sanidade galega, con 5.651 prazas de persoal estatutario no Sergas e 123 de persoal funcionario da Consellería de Sanidade.

Dentro deste proceso, o Consello da Xunta aprobou, na súa reunión semanal, unha nova oferta de emprego público de persoal funcionario sanitario da escala de saúde pública e administración sanitaria, incluído no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, cun total de 20 prazas (12 de farmacéutico inspector de saúde pública e 8 de subinspector sanitario). Esta oferta esgota a taxa máxima de reposición de efectivos autorizada pola lexislación básica do Estado para o ano 2022, que é do 110 %. O sistema de selección será mediante concurso-oposición.

Estas 20 prazas sumaranse, por tanto, ao proceso actualmente en tramitación para a cobertura de 94 prazas en desenvolvemento das ofertas de emprego público entre os anos 2018-2021, así como ás outras 9 prazas autorizadas na oferta de emprego público extraordinaria aprobada en desenvolvemento da Lei 20/2021, do 28 de decembro, para a estabilización do emprego temporal, que serán convocadas antes de que finalice o ano, e permitindo a incorporación dun total de 123 profesionais que reforzarán áreas prioritarias como a inspección sanitaria e a saúde pública.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Logo da publicación da oferta de emprego no *Diario Oficial de Galicia*, procederáse á publicación das respectivas convocatorias, logo da negociación coas organizacións sindicais.

### **Máis de 5.600 prazas de persoal estatutario**

No que respecta ao persoal estatutario do Sistema sanitario público galego, o Servizo Galego de Saúde publicou esta semana, na súa páxina web, as resolucións da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Sergas, polas que se convocan prazas por concurso-oposición ou concurso de méritos, para o ingreso en 105 categorías de persoal estatutario do sistema sanitario.

Estas convocatorias, que foron anunciadas no *Diario Oficial de Galicia* do 23 de decembro, seguen ese mesmo esquema de integrar as prazas da oferta de estabilización con aquelas pendentes de convocar derivadas das ofertas anteriores, sumando así un total de 5.651 prazas de persoal estatutario ofertadas.

As prazas convocadas son para traballar como persoal estatutario fixo nas institucións sanitarias e entidades adscritas ao Sistema sanitario público galego, hospitais, atención primaria, O61, Axencia Galega de Coñecemento en Saúde, Axencia Galega de Doazóns de Órganos e Sangue, e Galaria, sumando prazas tanto de taxa ordinaria como de taxa extraordinaria, polo sistema de concurso oposición e de concurso de méritos.

Respecto do persoal médico e facultativo, convócanse nestes procesos un total de 765 prazas, tanto en atención primaria como en 45 especialidades de facultativos de hospital, que se engaden ás 1.000 prazas que se acaban de resolver neste mes de decembro nestas especialidades. En particular, ofértanse 192 prazas de medicina de familia. Tamén se convocan prazas doutras categorías, como enfermaría, persoal de xestión e servizos ou de investigador.

Trátase de 30 convocatorias abertas a toda persoa interesada cuxa información está dispoñible na páxina web do Sergas, na epígrafe OPE22-Lei de estabilización, cunha epígrafe para cada proceso de concurso-oposición ou concurso de méritos das 105 categorías/especialidades de todos os colectivos de persoal sanitario e de xestión e servizos que traballan no Sistema público de Galicia, onde prestan servizos máis de 40.000 profesionais, sendo o sistema de saúde o maior empregador da Xunta de Galicia.

Estas convocatorias teñen por obxecto controlar e reducir a taxa de temporalidade no Sistema sanitario público de Galicia, para rebaixar a taxa actual e acadar no ano 2024, tras a execución dos procesos previstos, unha taxa por baixo do 8 %, como marca a Lei 20/2022.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para acadar ese obxectivo, establécense dous sistemas de selección, o sistema de concurso-oposición con dúas fases, a de oposición, na cal os aspirantes deberán superar os exames, sendo suficiente para aprobar o exercicio eliminatorio obter o 35 % da puntuación, e, tamén, unha fase de concurso de méritos, en que se valoran, fundamentalmente, os servizos prestados, así como outros méritos do currículo; e o sistema selectivo de concurso de méritos, no cal teñen preeminencia os servizos prestados no Sistema público de Galicia, co dobre de puntuación.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**RUEDA ANUNCIA A DECLARACIÓN COMO PROXECTO INDUSTRIAL ESTRATÉXICO PARA GALICIA DA FÁBRICA DE FIBRAS TÉXTEIS IMPULSADA POR ALTRI EN PALAS DE REI**

- Sinala que se trata dunha iniciativa “única en toda Europa” que integra as plantas e polpa e lyocell e insta ao Goberno a aclarar se vai acceder a fondos europeos
- Resalta que o mercado das fibras celulósicas sustentable ten un alto potencial de crecemento porque “son máis ecolóxicas que as fibras artificiais” e teñen cada vez máis demanda no sector
- Cun investimento superior aos 800 millóns de euros, a iniciativa prevé producir ata 200.000 toneladas anuais de lyocell
- O acordo enmárcase dentro da filosofía da Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, potenciando a captación de investimentos e a xeración de emprego de calidade, á vez que se manteñen todas as garantías xurídicas, técnicas e ambientais durante a tramitación
- Trátase da cuarta iniciativa declarada proxecto industrial estratéxico, tras a planta de hidróxeno verde de Reganosa e EDP Renovables, a de pneumáticos de Sentury Tire (ambas as dúas no concello das Pontes) e a planta de metanol verde de Forestal del Atlántico en Mugardos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou este xoves a declaración do proxecto de fibras téxteis de Altri en Palas de Rei (Lugo) como proxecto industrial estratéxico para Galicia. A iniciativa, única en Europa e enmarcada dentro do Polo para a transformación de Galicia, é a cuarta que alcanza esta consideración, orientada a facilitar a súa tramitación administrativa. “Trátase dun proxecto innovador e ambicioso para producir lyocell, un tecido de alta calidade, máis ecolóxico cas fibras artificiais e cada vez máis demandado pola industria textil de todo o mundo”, subliñou Rueda, quen resaltou que “non hai ningún proxecto similar previsto en toda Europa”.

“Cun investimento superior aos 800M€, estímase que o centro xere 2.500 postos de traballo directos e que xere sinerxías con outros sectores clave da economía galega, como o forestal e o téxtil”, resaltou o presidente. Está orientado á produción de fibras téxteis coa previsión de acadar as 200.000 toneladas anuais de lyocell, un tecido de alta calidade que goza dunha implantación crecente na industria téxtil por representar unha alternativa ecolóxica ás fibras artificiais de orixe fósil.

Nesa liña, Rueda subliñou que para facer realidade este proxecto de vangarda é preciso que o Goberno “concrete” se esta iniciativa vai recibir financiamento dos fondos europeos e resolva outros “aspectos sobre as instalacións eléctricas necesarias para o seu

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

funcionamento". Neste sentido, Rueda lembrou que o Consello da Xunta aprobou hai unhas semanas a planificación eléctrica que precisa Galicia para manter e poñer en marcha novos proxectos industriais e resaltou que xa se lle remitiu ao Goberno central para que a planificación sexa realidade canto antes, non esperar ao prazo previsto de 2029.

O proxecto da fábrica que se vai instalar en Palas de Rei é o único destas características previsto actualmente en Europa e integra as plantas de polpa e lyocell, ademais de favorecer sinerxías con outras iniciativas en desenvolvemento no ecosistema galego. Agárdase un impacto dinamizador da zona ao priorizar a contratación de traballadores locais, contribuíndo ao obxectivo de fixar poboación no rural.

A declaración como proxecto industrial estratéxico enmárcase na filosofía da Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia que busca a captación de investimentos. Permitirá a redución á metade dos prazos -agás os relativos á presentación de solicitudes e recursos- mantendo as garantías técnicas, xurídicas e ambientais.

A planta conta con todos os requisitos para ser proxecto industrial estratéxico, xa que supera o investimento mínimo de 20M€ e a creación mínima de 100 postos de traballo -Altri prevé xerar 2500 postos de emprego directo-. Ademais cumpre co requisito de que as iniciativas deben complementar cadeas de valor, pertencer a sectores estratéxicos ou que estean aliñados cos obxectivos da Unión Europea ou integrarse no financiamento dos NextGeneration.

A iniciativa súmase á declaración tamén como proxecto industrial estratéxico de H2Pole, o centro de produción de hidróxeno verde promovido por Reganosa e EDP Renovables nas Pontes; á de Sentury Tire para implantar unha fábrica de pneumáticos tamén neste concello coruñés; así como a planta de metanol verde en Mugardos de Forestal del Atlántico.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA CREA DÚAS BOLSAS DE FORMACIÓN NA ÁREA DE ESTUDOS E INVESTIGACIÓN DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA

- O programa formativo desenvolverase ao longo dos anos 2023, 2024 e 2025 cunha duración máxima 24 meses contados a partir da data de incorporación das persoas bolseiras
- A resolución establece dúas categorías para a realización das bolsas de formación, unha bolsa relacionada co ámbito da ciencia de datos e outra relacionada co ámbito da comunicación de datos turísticos

O Consello da Xunta aprobou hoxe a resolución en que se establecen as bases reguladoras e as condicións polas que se rexerá a convocatoria de dúas bolsas de formación práctica especializada na Área de estudos e Investigación para a realización de labores de investigación, tratamento e análise de datos en materia turística, e a súa convocatoria para os anos 2023 a 2025.

A resolución establece dúas categorías para a realización das bolsas de formación, unha bolsa relacionada co ámbito da ciencia de datos e outra relacionada co ámbito da comunicación de datos turísticos.

Poden solicitar a concesión das bolsas as persoas que posúan a nacionalidade española ou sexan nacionais de calquera Estado membro da Unión Europea, que estean en posesión, antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes, dunha titulación superior e, ademais, acreditar un coñecemento da lingua galega no nivel Celga 4, perfeccionamento ou título equivalente.

O prazo de presentación de solicitudes das bolsas será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. O programa formativo desenvolverase ao longo dos anos 2023, 2024 e 2025 cunha duración máxima 24 meses contados a partir da data de incorporación das persoas bolseiras que será, previsiblemente, o 1 de abril de 2023. A dotación económica de cada unha das bolsas será dun total de 28.800 euros.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA DA O VISTO E PRACE AO CONVENIO CO CONCELLO DO PORRIÑO PARA LEVAR A CABO OBRAS DE HUMANIZACIÓN NO ANTIGO CAMPO DA FEIRA

- Levaranse a cabo o acondicionamento e humanización do antigo campo da feira e da súa contorna inmediata, integrando o espazo verde na contorna urbana
- As actuacións previstas son mellorar a mobilidade peonil, conectando o espazo co núcleo urbano, o camiño de Santiago e o cemiterio municipal

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao proxecto de acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello do Porriño para a humanización do antigo campo da feira do Porriño, que contará cun investimento de 498.213 euros ao longo dos anos 2023 e 2024.

O Concello do Porriño pretende acometer o acondicionamento e humanización do antigo campo da Feira do Porriño e da súa contorna inmediata, desde avenida de Domingo Bueno ata a rúa Parque Infantil. Este espazo verde, situado no centro urbano do Porriño, foi durante moitos anos, unha gran carballeira onde se realizaban as feiras semanais. O proxecto comprende a humanización do propio parque e a súa contorna próxima.

O obxectivo da intervención é recuperar a antiga esencia de carballeira e campo da feira, integrando o espazo verde na contorna urbana, estendendo o parque en todas as direccións. Os obxectivos son mellorar a mobilidade peonil, conectando o espazo co núcleo urbano, o Camiño de Santiago e o cemiterio municipal; aumentar o arboredo e vexetación, así como fomentar a recuperación da memoria histórica e o patrimonio inmaterial do lugar.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA AMPLÍA A REDE DE VIDEOVIXILANCIA FORESTAL E INCORPORARÁ NOVAS FUNCIONALIDADES NA LOITA CONTRA OS INCENDIOS

- Incrementará o número de cámaras ata acadar as 153 e renovaranse as instaladas na primeira e segunda fases do proxecto con prestacións máis avanzadas para mellorar a vixilancia nos montes
- Tamén se implementará un novo hardware e software que facilitarán a aplicación de IA para realizar análises predictivas na identificación e prevención de incendios
- Estas iniciativas poranse en marcha grazas a unha nova addenda que asinarán proximamente a Consellería do Medio Rural, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e o operador público Retegal
- Este novo acordo permitirá ampliar o investimento na Rede en 2,3 millóns de euros ata o ano 2025

A Xunta continúa ampliando e mellorando a capacidade da Rede de videovixilancia con máis cámaras, renovando dispositivos que incorporarán novas funcionalidades e implementando novas solucións para poder aplicar a intelixencia artificial á prevención de incendios. Son as medidas dunha nova addenda ao convenio entre a Consellería do Medio Rural e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e Retegal para incrementar a dotación orzamentaria destinada á Rede en 2,3 millóns de euros ata 2025.

O acordo permite así seguir incorporando novos centros e cámaras de altas prestacións á Rede, a cal estará integrada por ata un total de 76 centros de telecomunicacións e 153 cámaras cunha resolución que permite mesmo distinguir matrículas de vehículos nas pistas forestais.

Outra das medidas é a renovación das cámaras de videovixilancia instaladas na primeira e segunda fase do proxecto, que comezou en 2018, priorizando aqueles dispositivos instalados nos centros de telecomunicación situados nas cotas máis altas. Estas cámaras están expostas a continuos cambios de temperatura e condicións meteorolóxicas adversas que poderían acabar impactando no rendemento e operatividade do servizo.

As cámaras renovadas incorporarán novas funcionalidades, tales como maior sensibilidade, mellora no zoom óptico, novos algoritmos de compresión de vídeo, menor consumo eléctrico e carga aerodinámica, o cal permitirá mellorar as tarefas asociadas ao proceso de videovixilancia dos espazos forestais.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, grazas a esta addenda adquirírase un hardware e un software específico para facilitar un procesado das imaxes captadas pola rede necesario para aplicar técnicas de intelixencia artificial e poder realizar, a medio prazo, análises preditivas para a mellora do proceso de identificación e prevención de incendios.

### **Cámaras de altas prestacións**

A Rede de videovixilancia dos espazos forestais entrou en funcionamento en 2018 como un instrumento de apoio ao labor de detección, prevención e seguimento de incendios. Para o seu despregamento aproveitáronse as infraestruturas do operador público Retegal, instalando en cada un dos 44 centros iniciais dúas cámaras de altas prestacións, con capacidade para operar baixo temperaturas extremas e resistentes a ventos furacanados.

### **Plataforma para unha xestión integral**

A Rede xestiónase de xeito centralizado a través dunha plataforma tecnolóxica que posibilita a vixilancia remota dos montes desde os centros de coordinación (central, provincial e de distrito) as 24 horas do día e permite aos axentes e técnicos forestais o acceso en tempo real ás imaxes, mesmo a través de dispositivos móbiles.

En caso de detectarse un lume o sistema achega información visual en directo sobre o avance e as condicións do incendio e permite xeoposicionar o punto que se está a visualizar en cada momento. Deste xeito, a Rede ofrece un mecanismo de apoio á toma de decisións polas autoridades e persoal técnico competentes para mobilizar e xestionar medios e recursos para os labores de extinción. A Rede almacena 3.000 imaxes cada segundo, o que supón un total de 7.776 millóns de imaxes ao mes.

### **Investimento**

Este convenio conta cun orzamento no período 2023-2025 de 2,3 millóns euros que financian a Consellería do Medio Rural e a Axencia autonómica, incrementando o investimento total na rede ata os 5.615.492,12 euros.

Estas actuacións están cofinanciadas nun 75 % polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), nun 7,5 % polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e nun 17,5 % pola Xunta de Galicia, no marco da submedida 8.3, Prevención do dano causado por incendios, desastres naturais e outras catástrofes.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA AMPLÍA A MÁIS DE 11 MILLÓNS DE EUROS A DOTACIÓN PARA MELLORAR A COBERTURA MÓBIL EN 65 CONCELLOS DO RURAL

- O Consello aproba incrementar de 4 a 7,7 millóns de euros a encomenda a Retegal para a instalación de torres para antenas en terreos cedidos polos concellos
- Esta cantidade súmase aos 3,7 millóns concedidos a Vodafone para dotar de servizo 290 núcleos de poboación neses municipios
- A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia asume a execución das acometidas eléctricas necesarias, que inicialmente correspondía aos concellos
- Esta actuación da Xunta requiriu dunha autorización expresa da Comisión Europea para paliar a falta de interese das operadoras por estas zonas e de medidas para corrixilo por parte do Estado, que é a quen correspondería o despregamento

O Consello de Goberno da Xunta aprobou hoxe unha modificación da encomenda a Retegal por parte da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia que incrementa ata 11,4 millóns de euros a dotación económica para a mellora da cobertura de telefonía móbil en 65 concellos do rural. En concreto, a modificación aumenta de 4 a 7,7 millóns de euros a encomenda relativa ás infraestruturas públicas que fará Retegal, aos cales se suman os 3,7 millóns de euros concedidos a Vodafone para a prestación do servizo.

A modificación da encomenda foi necesaria para asumir a execución das acometidas eléctricas nas parcelas cedidas polos concellos. No convenio asinado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) estas acometidas terían que ser proporcionadas tamén polos concellos, aos que a Xunta se comprometeu a axudar. Na reunión de seguimento do convenio do pasado 8 de agosto acordouse que a Axencia, directamente ou a través dunha entidade instrumental do sector público, sería a encargada de executar as acometidas eléctricas.

A modificación tamén foi necesaria para paliar os efectos dos incrementos dos custos de materiais.

Retegal terá ata o 31 de decembro de 2023 para a execución das tarefas encomendadas, que consisten principalmente na construción e posta á disposición dos operadores das torres de comunicacións necesarias para a prestación do servizo nestas zonas rurais illadas.

Pola súa parte, o prazo de que dispón Vodafone para a posta en marcha do servizo remata o 31 de outubro de 2024.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Actuación excepcional coa autorización da Comisión Europea**

A Xunta puxo en marcha a actuación para dotar de cobertura móbil 290 núcleos de 65 concellos galegos ante a falta de interese por parte das operadoras en dotar estas zonas de cobertura porque aseguran que non lles resulta rendible. A esta situación súmase a ausencia de medidas para corrixir esta situación por parte do Goberno do Estado, que é a quen corresponde a competencia de impulsar o despregamento de redes de telecomunicacións.

Para facelo, a Xunta tivo que solicitar unha autorización expresa por parte da Comisión Europea. Galicia logrou así a primeira liña de axudas dunha Comunidade Autónoma para a extensión de telefonía móbil en España aprobada pola Comisión Europea.

A Administración autonómica trasladou esta iniciativa á Unión Europea hai tres anos, ante a falta de iniciativas do Estado. A pesar das actuacións levadas a cabo nos últimos anos que acadaron a cobertura móbil do 98 % da poboación, aínda existen territorios (zonas rurais illadas, espazos naturais) que carecen de cobertura 4G.

Para sacar adiante esta medida, a Xunta de Galicia contou coa colaboración da Fegamp, coa que asinou un convenio de colaboración, así como coa Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (AETG), para identificar as carencias, xa que o Estado non dispoñía dun mapa detallado de cobertura que permitise establecer as zonas con carencias. Dos 94 concellos que solicitaron adherirse ao convenio, tras as comprobacións da AETG e a realización dunha consulta pública demandada pola Comisión Europea, detectáronse deficiencias de cobertura móbil en 65 deles.

Esta actuación puntual da Xunta conta co apoio do operador público Retegal, que construírá localizacións de soporte para o equipamento de telefonía móbil que porá á disposición de todos os operadores, permitindo non só a mellora da cobertura de telefonía móbil no ámbito desta medida, senón tamén o soporte a novas redes que permitan mellorar na dixitalización do rural.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**RUEDA AVANZA A AUTORIZACIÓN DO CONVENIO PARA DESENVOLVER A ESTACIÓN INTERMODAL DE LUGO, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO GLOBAL DE CASE 50 M€**

- Apela que as novas infraestruturas "veñan acompañadas dunha modernización das conexións ferroviarias con Lugo"
- Resalta a Xunta vai asumir "integralmente" a construción da nova estación de autobuses, cun investimento autonómico de 9 M€, e do aparcadoiro do complexo intermodal, que tamén contribuirá a financiar achegando, en total, 13,6 M€
- A nova terminal distribuírse en dous andares: un a cota de dársenas, coas zonas de atención a viaxeiros e a cafetaría, e un superior para usos administrativos
- A terminal contará con 23 dársenas e os autobuses accederán desde a glorieta da intersección entre as rúas Paradai de Arriba, Paradai de Abaixo, avenida Infanta Elena e rúa do Conde
- O acceso dos viaxeiros realizarase na planta baixa desde o espazo de encontro do paso de cidade coa terminal de ferrocarril
- O aparcadoiro subterráneo, cun orzamento de case 12,5 M€, será cofinanciado entre Adif e a Xunta, que asume o 37,5 % do custo e executará as obras conxuntamente coa estación de autobuses
- A Xunta facilita a execución da estación intermodal achegando un investimento que supón case un 50 % máis do necesario para financiar a terminal de autobuses, que ten un orzamento de 9 M€
- A intermodal inclúe, ademais, a nova estación ferroviaria, que lle corresponde executar e financiar a Adif, e o paso inferior peonil de cidade entre o centro urbano e o parque do Sagrado Corazón, que será financiado entre Adif e o Concello

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe da autorización do convenio de colaboración entre o Goberno galego, o Concello de Lugo e Adif para desenvolver a nova área de transporte intermodal da cidade. En conxunto, o proxecto suporá un investimento global de máis de 49,2 millóns de euros. "Agardamos que as infraestruturas veñan acompañadas dunha modernización nas conexións ferroviarias con Lugo. Non tería sentido construír unha área intermodal e manter os servizos de tren no estado actual", explicou.

A sinatura deste acordo entre as tres administracións está prevista para os primeiros meses de 2023, logo de ser autorizada polo Consello da Xunta na súa reunión deste xoves. Así, tras a posta en servizo das intermodais de Ourense, Santiago e Vigo, xa ultimada a de Pontevedra e os avances na intermodal da Coruña, Rueda cualificou a decisión como "un paso máis para que todos lucenses" poidan desfrutar tamén dunha estación intermodal.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Goberno galego tamén acordou iniciar a tramitación urbanística da nova estación de autobuses e do aparcadoiro da intermodal que tamén executará a Xunta, e que suporá un investimento autonómico de 13,6 M€.

Estas intervencións tramitaranse segundo o establecido na Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese, que permitirá acurtar os prazos do procedemento.

O presidente da Xunta resaltou que o Goberno galego vai encargarse da “construción e financiación íntegra” da nova estación de autobuses”, para o que xa conta co proxecto redactado e que contará cun investimento de 9 M€.

A terminal terá unha superficie de 550 m<sup>2</sup> e distribuirase en dous andares. Na cota de dársenas dispórase un interior con espazos diáfanos no cal se atopen as zonas de atención a viaxeiros ou a cafetaría e o andar superior destinarase a usos administrativos e instalacións da xerencia da terminal.

O proxecto inclúe 23 dársenas que se disporán ordenadas lonxitudinalmente ao longo dunha plataforma que permite optimizar os percorridos dos viaxeiros que accederán desde a terminal.

A intervención prevé a diferenciación funcional de 18 dársenas, en espiña de peixe, e 5 dársenas de regulación para facilitar a xestión por parte das empresas durante os períodos de servizo dos vehículos.

No que se refire aos accesos, os autobuses dirixiranse ao interior da estación desde a glorieta que ordena a confluencia de tráfico procedente das rúas Paradai de Arriba, Paradai de Abaixo, avenida Infanta Elena e rúa do Conde e que dan acceso á parcela desde un dos extremos para permitir unha circulación no sentido das agullas do reloxo.

O acceso dos viaxeiros prodúcese na planta baixa desde o espazo público de articulación do paso de cidade coa terminal de ferrocarril, tanto cara ao norte como o sur.

Nunha área intermodal é clave a conexión entre os diferentes modos de transporte, polo que neste caso se resolve mediante un espazo público entre as terminais de ferrocarril e autobuses que, ao mesmo tempo, xera unha nova conexión por baixo das vías entre a cidade e a contorna inmediata que queda ao norte das vías.

Este proxecto será cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, a través do programa operativo Feder Galicia 2021-2027 e que se prevé asinar nos primeiros meses de 2023.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### Área intermodal

No marco do proxecto da estación intermodal de Lugo habilitarase un aparcadoiro subterráneo, cuxo proxecto debe redactar o Adif, aínda que as obras serán executadas pola Xunta, conxuntamente coa estación de autobuses.

Este aparcadoiro subterráneo suporá un investimento de case 12,5 M€, que será financiado entre Adif e o Goberno galego, que asume o 37,5 % do custo, ademais da execución dos traballos.


A Xunta facilita a execución da estación intermodal de Lugo achegando un investimento que representa case un 50% máis do que lle correspondería para financiar a nova terminal de autobuses, que ten un orzamento de 9 M€.

A intermodal inclúe, ademais, a nova estación ferroviaria, cuxa redacción do proxecto e execución lle corresponde a Adif. Esta intervención inclúe un novo edificio e un paso inferior, que financiará integramente o organismo estatal, cun investimento de 16,1 M€.

A área intermodal tamén comportará a construción dun novo paso inferior peonil de cidade entre o centro urbano e o parque do Sagrado Corazón, que conectará ambos os lados da canle ferroviaria, incluídos os seus accesos, elementos de comunicación vertical e urbanización asociada. O orzamento destas intervencións ascende a 11,6 M€ e será financiado nun 60 % por parte do Adif e nun 40 % polo Concello.

A Xunta remarca a necesidade de que a construción da estación intermodal vaia parella á modernización dos servizos ferroviarios e ao cumprimento dos tempos de viaxe comprometidos, que son de 3 horas e 47 minutos.

Vista da terminal de autobuses:



Acceso peonil á terminal de autobuses:

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Vista interior da nova estación de autobuses:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DA AMPLIACIÓN DA ESTACIÓN POTABILIZADORA DA MARXE DEREITA DA RÍA DE AROUSA, EN PADRÓN, CUN INVESTIMENTO DE CASE 9M€**

- Con esta intervención optimizarase a rede de abastecemento que subministra auga aos concellos de Boiro, Catoira, Dodro, Padrón, A Pobra do Caramiñal, Pontecesures, Rianxo, Ribeira, Valga e á que tamén está conectada Vilagarcía de Arousa
- Trátase do único sistema de abastecemento en alta en Galicia que xestiona directamente a Xunta, conforme o acordado en 2004 cos concellos beneficiarios
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, licitará nas vindeiras semanas os traballos, co obxectivo de inicialos no segundo semestre de 2023
- As obras optimizarán o sistema de abastecemento ante os incrementos de demanda dos concellos aos cales se lles subministra auga mediante a execución dunha potabilizadora para a produción dun caudal de 630 l/s, fronte aos 450 l/s actuais
- A actuación enmárcase no convenio de colaboración co Concello de Padrón autorizado a semana pasada polo Consello da Xunta, que xa foi asinado e que recolle un investimento global de 10,1 M€
- A Xunta, de xeito acorde coa Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga, mantén o seu apoio aos concellos que así o desexen nun mellor desenvolvemento das súas competencias municipais de saneamento, abastecemento e depuración

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación das obras de ampliación da estación de tratamento de auga potable na marxe dereita da ría de Arousa, situada no concello de Padrón, que suporá un investimento autonómico de case 9 millóns de euros.

O obxectivo desta intervención da Xunta é intervir e incrementar a capacidade de tratamento de auga potable nas instalacións da rede de abastecemento en alta, que subministran aos concellos de Boiro, Catoira, Dodro, Padrón, A Pobra do Caramiñal, Pontecesures, Rianxo, Ribeira e Valga. A nova instalación permitirá ampliar a capacidade de tratamento de auga e poder servir, des ser o caso, tamén ao concello de Vilagarcía de Arousa, que xa está conectado ao sistema.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, licitará nas vindeiras semanas as obras nestas instalacións, co fin de solucionar as actuais limitacións e afrontar con maiores garantías o abastecemento a unha poboación de case 90.000 habitantes.

O obxectivo da Xunta é iniciar os traballos no segundo semestre do 2023, cun prazo de execución de dezoito meses, incluída a súa posta en marcha.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta intervención no municipio coruñés enmárcase na colaboración autorizada polo Executivo autonómico no Consello da Xunta da semana pasada.

Mediante ese acordo, xa asinado, o Goberno galego asume integramente o financiamento e execución dos traballos. O acordo recolle un investimento global da Xunta de 10,1 M€, tendo en conta o custo e dirección de obra e os traballos de seguridade e saúde.

Pola súa banda, o Concello de Padrón asume a colaboración na realización das xestións pertinentes para posibilitar a execución das obras, así como da procura a Augas de Galicia do uso e da dispoñibilidade das infraestruturas resultantes para a súa xestión, explotación, conservación e mantemento.

Os traballos serán financiados no marco do Mecanismo de recuperación e resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e o Consello, do 12 de febreiro de 2021.

### **As obras que se van executar**

O da marxe dereita da ría de Arousa é o único sistema de abastecemento en alta de Galicia que xestiona a Xunta, que o fai conforme o acordado no ano 2004 cos concellos beneficiarios.

Coa autorización hoxe da licitación das obras, impúlsase a contratación da ampliación da capacidade de tratamento da actual potabilizadora de Padrón, situada nas proximidades do núcleo de Casal na parroquia de Carcacia, dotándoa, ademais, dun sistema para a recuperación da auga de lavado de filtros que actualmente son verteduras ao río Ulla.

Nesta intervención, tamén se prevé un tratamento de lodos de decantación do que a planta actual non dispón e dun sistema de control que integre tanto os equipamentos existentes como os que forman parte da ampliación cun sistema de xestión SCADA e un sistema de videovixilancia.

Adicionalmente, na rede de distribución, acometeranse reparacións estruturais nos depósitos de cabeceira do Casal, e dotaranse cunha medida de caudal de saída á rede con lectura en continuo. Así mesmo, instalarase un sistema de medición en continuo da calidade de auga nos puntos de entrega en alta e realizarse o control de nivel e enchido de depósitos da rede de distribución con medición de nivel en tempo real e instalación de válvulas de control de entrada de auga.

Con estas actuacións, a capacidade de tratamento da planta incrementarase dos 225 l/s de deseño inicial da planta, ampliados ata os 450 l/s en 2004, ata os 630 l/s.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

De xeito acorde coa Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga, a Xunta mantén o seu apoio aos concellos que así o desexen nun mellor desenvolvemento das súas competencias municipais de saneamento, abastecemento e depuración.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE ARTEIXO PARA EXECUTAR A PRIMEIRA FASE DO SANEAMENTO NA PARROQUIA DE MONTEAGUDO CUN INVESTIMENTO DE 545.000€**

- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade financiará o 80 % dos traballos, coa achega de 436.000 €, e o Concello o 20 % restante, con 109.000 €
- O obxectivo das actuacións é dotar de servizo de saneamento a totalidade das vivendas de Monteagudo, enlazando coa rede existente
- As intervencións reforzarán o sistema de saneamento nos núcleos de Monteagudo, O Coto, Vilela, A Rocha, A Perillona, A Ibia, O Freixal, A Casanova e Ramilo
- A Xunta continúa prestando apoio técnico e financeiro aos concellos para que exerzan de forma eficiente as súas competencias de saneamento e abastecemento

O Consello da Xunta de hoxe autorizou a sinatura do convenio de colaboración entre a Administración autonómica e o Concello de Arteixo para desenvolver a primeira fase do saneamento na parroquia de Monteagudo, que suporá un investimento de 545.000 euros.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, financiará o 80 % dos traballos, cunha achega de 436.000 euros. Pola súa banda, o Concello de Arteixo financiará o 20 % restante, 109.000 euros.

A execución dos traballos será cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia 2014-2020.

O obxectivo das actuacións é dotar de servizo de saneamento a totalidade das vivendas da parroquia de Monteagudo, enlazando coa rede existente.

A solución proxectada é unha rede de ramais de saneamento que colecte as augas residuais das vivendas non conectadas actualmente á rede municipal.

Nesta primeira fase proxéctase dar servizo ás vivendas situadas na parte alta do núcleo mediante a execución dun novo colector que se conecte coa rede existente, substituíndo o actual, que presenta problemas de cotas.

No núcleo do Coto conectarase a rede de colectores coa rede existente.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En Vilela, A Rocha, A Perillona e A Ibia executaranse ramais que dotarán de conexión o bombeo existente na área recreativa dos Barreiros. Existe un cruzamento co rego das Ibias, que precisará da execución dun bombeo previo para salvar o cruzamento.


No núcleo do Freixal acometerase un ramal que conectará coa rede existente por gravidade.

Finalmente, nos núcleos da Casanova e Ramilo prevense dous ramais de colectores por gravidade que confluirán no punto baixo onde se proxecta un bombeo que o conectará coa rede existente.

A Xunta continúa prestando apoio técnico e financeiro aos concellos para que exerzan de forma eficiente as súas competencias de saneamento e abastecemento.

O Goberno galego contribúe con actuacións como as recollidas no convenio autorizado hoxe a dotar a poboación destes servizos básicos que cubran as súas necesidades, proporcionando benestar e facilitando a implantación de actividades que poidan xerar emprego, ao mesmo tempo que fixar a poboación.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA INCREMENTA MÁIS DUN 33 % O INVESTIMENTO NA LIÑA DE AXUDAS ÁS SALAS PRIVADAS DE ARTES ESCÉNICAS

- O Consello aproba as bases destas subvencións, que elevan a súa dotación ata os 200.000 euros para garantir a estabilidade no funcionamento deste tipo de espazos, de titularidade privada e capacidade reducida de público
- Con este reforzo orzamentario recoñécese o papel destes locais a prol da difusión e da creación de públicos para o sector escénico, ao tempo que se dá resposta ao aumento xeral dos custos no mantemento da súa actividade

O Consello da Xunta aprobou hoxe as bases da próxima convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para salas de artes escénicas de titularidade privada, que en 2023 incrementan en máis dun 33 % a súa dotación para situarse nos 200.000 euros. A prioridade desta liña anual de axudas é impulsar a estabilidade no desenvolvemento dunha programación de carácter profesional por parte deste tipo de espazos, aos cales se lles recoñece con este incremento orzamentario o seu destacado papel ao servizo da difusión e da creación de públicos para o sector escénico, ao tempo que se dá resposta ao aumento xeral dos custos no mantemento da súa actividade.

Ademais deste reforzo económico, as bases introducen unha definición máis axustada do tipo de entidades que poden optar a estas subvencións, dirixidas a profesionais autónomos ou persoas xurídicas privadas xestoras de salas de artes escénicas e posuidoras da correspondente licenza de apertura, sempre que os espazos non teñan unha capacidade superior ás 150 localidades e realizen un mínimo de 50 funcións durante 2022, fronte ás 30 exixidas na convocatoria anterior.

#### **Ata 75.000 euros por proxecto**

Cada unha das entidades subvencionadas poderá beneficiarse dunha axuda máxima de 75.000 euros, en lugar dos 60.000 euros fixados en 2022, cun límite do 75 % do gasto subvencionable. A contía recibida destinarase a gastos vinculados á contratación de espectáculos, servizos técnicos e auxiliares asociados, dereitos de autor, contratación de persoal, comunicación e publicidade, ademais de ata o 20 % dos custos indirectos como alugamentos, subministracións ou gastos correntes. Neste último caso, aumenta tamén a porcentaxe subvencionable respecto ao límite do 10 % das convocatorias anteriores.

Como en anos precedentes, para a concesión destas axudas constituirase unha comisión de avaliación que terá en conta criterios como a antigüidade da empresa, a capacidade do local e a súa pertenza á Rede galega de salas en 2022. O proxecto de programación, con aspectos como o número de funcións ou a contratación de compañías galegas, son outras das cuestións que se valorarán, así como os plans de financiamento, de comunicación ou de creación de públicos, entre outros.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Modernización e xestión sustentable**

Sala Gurugú e Teatro del Andamio na Coruña e Sala Ártika e Teatro Ensalle en Vigo son as catro beneficiarias desta convocatoria nos últimos anos. Ademais, as salas de artes escénicas galegas contaron neste 2022 cunha liña extraordinaria de subvencións para a súa modernización, xestionada pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ao abeiro do Mecanismo europeo de recuperación e resiliencia dos fondos NextGenerationEU.

Así, os devanditos catro espazos atópanse tamén entre os 46 adxudicatarios da primeira convocatoria do programa de axudas para a modernización e xestión sustentable de infraestruturas de artes escénicas e musicais. O pasado martes 27 pechou o prazo de solicitude para a segunda quenda desta liña, coa que o investimento na mellora de teatros, auditorios e salas, tanto de xestión pública como privada, supera os 2 millóns de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA IMPULSA A FORMACIÓN AXUSTADA Á DEMANDA DO TECIDO PRODUTIVO CON 3,3 MILLÓNS EN 2023 PARA CUALIFICAR MÁIS DE 7.500 GALEGOS EN NOVE SECTORES ESTRATÉXICOS**

- A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade asinará convenios de colaboración cos clústeres e entidades do naval, a automoción, o sector metalmeccánico, das enerxías renovables, TIC, construción, comercio, hidróxeno e minaría
- A iniciativa, que permitirá poñer en marcha 285 cursos, busca dar resposta ás vacantes laborais en Galicia
- A actuación enmárcase na Axenda Galega de Capacidades para o Emprego con que a Xunta está a dar resposta ás necesidades formativas das galegas e galegos e á demanda do traballo que precisan as empresas
- O Consello da Xunta declarou o pasado 7 de decembro de carácter prioritario a cualificación nestes nove sectores, así como en proxectos industriais declarados estratéxicos polo Goberno galego

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade asinará en 2023 convenios de colaboración cos principais clústeres galegos e entidades representativas dun total de nove sectores estratéxicos para continuar impulsando a formación axustada á demanda do tecido produtivo e, deste xeito, dar resposta ás vacantes laborais en Galicia.

Así, para 2023 e cun investimento que supera os 3,3 millóns de euros asinaranse convenios de colaboración cos clústers do sector naval galego (Aclunaga); da automoción (Ceaga); das enerxías renovables (Cluergal); do sector do metal (Asime); e das TIC; coa Federación Galega de Comercio; coa Fundación Laboral da Construción; coa Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG); e coa Asociación Galega do Hidróxeno (AGH2). A actuación permitirá a formación de máis de 7.500 persoas desempregadas e ocupadas a través duns 285 cursos.

A formación para o emprego que se impartirá no marco da sinatura dos nove convenios (financiados mediante fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia) terá que estar vinculada co Catálogo nacional de cualificacións profesionais, polo que cos coñecementos adquiridos se poderá participar no procedemento de acreditación de competencias para a obtención dun certificado de profesionalidade.

É preciso lembrar que o pasado 7 de decembro, o Consello da Xunta declarou de carácter prioritario a cualificación nestes nove sectores, así como en proxectos industriais declarados estratéxicos polo Goberno galego e tamén naqueloutros sectores

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

que poidan ser definidos como tales en función do seu peso no tecido produtivo galego ou das características particulares da súa poboación traballadora no eido formativo.

Estes nove sectores, ademais, teñen un carácter relevante na transición verde e dixital pola que se está a apostar no actual contexto socioeconómico. A formación nestes ámbitos é un compromiso da Xunta de Galicia por dotar as persoas desempregadas e ocupadas das competencias precisas que aumenten as súas oportunidades de traballo.

### **Formación 2023**

A Xunta, de cara a 2023, incrementa o orzamento destinado á formación para o emprego e orientación laboral nun 9,6 %, ata chegar aos 202,2 millóns de euros, para seguir mellorando a capacitación das mulleres e dos homes que o precisen. Trátase do 47 % da contía global do orzamento da Consellería (432 millóns) para o vindeiro ano.

Dos 202,2 millóns de euros, un total de 104 investiranse no novo Plan galego de formación para o emprego co que o Goberno galego seguirá impulsando unha formación dual e flexible, adaptada ás tendencias do tecido produtivo e ao actual mercado laboral. Contará cun 26,8 % máis que no exercicio anterior para chegar a máis xente e con mellores programas. No marco deste investimento, prevese a sinatura destes nove convenios de colaboración. A iniciativa, ademais, encádrase na Axenda Galega de Capacidades para o Emprego coa que a Xunta está a dar resposta ás necesidades formativas das galegas e galegos e á demanda do traballo que precisan as empresas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**RUEDA ADIANTA UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 22 M€ NA CONSTRUCCIÓN DO CENTRO GALEGO DE PROTONTERAPIA PARA SITUAR A GALICIA Á VANGARDA NO TRATAMENTO DO CANCRO**

- Subliña que o proxecto, cuxo prazo de execución é de 28 meses, acollerá un dos sistemas “máis avanzados” contra a enfermidade e permitirá atender a pacientes tanto de Galicia como de Asturias e Castela e León
- A Comunidade convértese na primeira comunidade en licitar a obra para instalar o seu equipamento de protonterapia
- A protonterapia supón unha importante mellora da calidade asistencial, xa que permite unha liberación máis localizada da radiación, o que comporta unha mellor distribución da dose

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, adiantou este xoves un investimento de máis de 22 millóns de euros para a construción do Centro Galego de Protonterapia, chamado a situar a Galicia á vangarda no tratamento do cancro. En concreto, o Consello da Xunta autorizou a contratación da redacción do proxecto básico e de execución, obra e dirección de obra do novo centro por un importe total de 22.278.896 euros, susceptible de ser cofinanciado nun 60 % polo programa operativo Feder Galicia 2021-2027. “As obras se licitarán de forma inmediata e o prazo de execución será de 28 meses”, indicou Rueda.

Segundo explicou, o futuro centro ubicado en Santiago acollerá un dos tratamentos “máis avanzados para tratar o cancro” e permitirá atender a pacientes “tanto de Galicia como de Asturias e Castela e León”. A protonterapia consiste nun sistema de alta precisión que permite tratar tumores de difícil acceso ou situados en lugares sensibles, reducir de forma significativa a duración dos tratamentos e evitar os efectos secundarios doutras técnicas.

O Centro de Protonterapia estará dotado de 20 profesionais entre oncólogos radioterapéuticos, radiofísicos, enxeñeiros, persoal de enfermaría e técnicos de radioterapia, e traballará en rede con todos os servizos de radioterapia de Galicia, e de maneira multidisciplinar coas especialidades implicadas nas indicacións que son as de oncoloxía médica, cirurxía, traumatoloxía, pediatría, neurocirurxía, oftalmoloxía e anestesia.

Como consecuencia da complexidade técnica que supón esta actuación, o Executivo galego considera necesario a realización conxunta da redacción do proxecto, a obra e a dirección da obra deste centro, que se localizará en Santiago de Compostela. “Galicia

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

convértese así, na primeira comunidade en licitar a obra para instalar o seu equipamento de protonterapia”, resaltou Rueda.

Esta contratación responde á necesidade de dar unha correcta cobertura sanitaria á poboación galega, posibilitando a realización de tratamentos de protonterapia. Hai que sinalar, ao respecto, que os orzamentos da Xunta para o vindeiro ano xa recollen unha partida de dez millóns de euros para iniciar a construción.

Este centro reforza a Estratexia de xestión do cancro en Galicia 2022-2028, presentada pola Xunta no mes de outubro, que aplica medidas para conseguir que cada vez menos persoas enfermen desta patoloxía e se incremente a supervivencia dos que a padecen. Esta nova estratexia incorpora innovación clínico-asistencial, tecnolóxica, organizativa e de xestión, destacando rutas asistenciais axustadas aos diferentes tipos de cancro. Na Estratexia, a saúde pública terá tamén un papel determinante, pois desenvolverá todo o seu potencial preventivo do cancro mediante a promoción da saúde, o control dos factores de risco e a detección precoz, con cribaxes poboacionais.

Ademais, e co obxectivo de que Galicia dispoña dos tratamentos máis avanzados para combater e tratar os cancros, xunto con este Centro de Protonterapia que hoxe tratou o Consello na súa reunión semanal, o Executivo galego segue a avanzar na posta en funcionamento do Centro de Producción de Terapias Avanzadas de Galicia.

### **Prioridade estratéxica**

A instalación desta tecnoloxía xa era unha prioridade estratéxica para a Xunta de Galicia desde hai tempo, como o demostra que, xa no mes de marzo do ano pasado, se anunciou a súa inclusión entre os proxectos prioritarios da candidatura galega aos fondos NextGeneration.

Durante o ano pasado, a Consellería de Sanidade estivo levando a cabo un estudo para a implantación da técnica de protonterapia en Galicia, no marco dun convenio de colaboración entre a Consellería e o Sistema universitario de Galicia (SUG). Neste informe reuniuse e analizouse a información actualizada existente sobre solucións técnicas e operativas que permitan abordar a implantación dun centro de protonterapia para toda Galicia.

A protonterapia é unha modalidade especial de radioterapia que utiliza un feixe de protóns que permiten maior precisión ao impartir a dose de radiación, diminuíndo os efectos adversos en tecidos e órganos sans que rodean o tumor.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta asinou co Ministerio de Sanidade, a finais do ano pasado, un convenio que permite axilizar os procesos e implantar en Galicia este centro que vai atender, especialmente, as necesidades médicas daqueles pacientes oncolóxicos con longa supervivencia, sobre todo na poboación infantil.

O convenio esténdese tamén a outras comunidades autónomas, co fin de cubrir un amplo espectro xeográfico e asistencial do Sistema nacional de saúde. Por medio deste convenio, a Fundación Amancio Ortega achega 280 millóns de euros ao Goberno de España.

En febreiro deste ano, o Ministerio de Sanidade publicou a licitación dos dez equipamentos que se van instalar en distintas comunidades autónomas, un deles no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago. Este concurso foi adxudicado a finais do mes de outubro por un importe de 263,5 millóns de euros á empresa IBA, sendo asinado o contrato o oito de decembro.

Entre os principais motivos polos que a área sanitaria compostelá acolle para toda Galicia o novo Centro de Protonterapia está a proximidade a un hospital referente en múltiples patoloxías neoplásicas, así como dispoñer de todas as especialidades que están claramente implicadas nas principais indicacións da protonterapia. Ao anteriormente sinalado, engádese a existencia dun contorno académico e de investigación e desenvolvemento con grande impulso en investigación básica e traslacional, que redundará nun beneficio directo para os pacientes.

A previsión pasa por considerar tamén un plan de cobertura que a medio prazo inclúa novas indicacións, actividades de investigación clínica e desenvolvemento tecnolóxico en protonterapia.

### **Alta eficacia**

A protonterapia demostrou unha alta eficacia e maior seguridade que a radioterapia convencional con fotóns ou electróns. É unha técnica que permite un tratamento moi eficaz de tumores de difícil acceso ou situados en lugares sensibles, cunha altísima precisión que acurta, de maneira moi significativa os tratamentos, e evita, en boa medida, os efectos secundarios doutras técnicas. Así mesmo, reduce de forma significativa tratamentos innecesarios en tecidos sans, sendo unha forma eficaz para tumores nos cales a radioterapia non resulta efectiva e a cirurxía non é unha opción.

A diferenza da radiación de fotóns tradicional, que aplica radiación en tecido san, a terapia de protóns é un tratamento que dirixe protóns cargados positivamente ao tumor, onde depositan a maior parte da dose de radiación. Con esta terapia, a radiación

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

residual é mínima, o que reduce potencialmente os efectos secundarios e o dano ao tecido circundante.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA INVISTE 5,1 MILLÓNS DE EUROS NA COMPRA DE 58 ECÓGRAFOS DE XINECOLOXÍA E OBSTETRICIA PARA CENTROS SANITARIOS DO SERGAS

- Co obxectivo de dar unha correcta cobertura sanitaria á muller no período de embarazo, parto e puerperio e fóra do embarazo (xinecoloxía), así como nos casos de reprodución humana asistida
- O contrato recolle ecógrafos para todas as áreas sanitarias e para os sete hospitais comarcais

O Consello da Xunta autorizou a contratación de 58 ecógrafos de xinecoloxía e obstetricia, por un importe de 5.181.220 euros, para centros sanitarios das sete áreas do Servizo Galego de Saúde. Na actualidade, existe nos hospitais do Sergas un importante número de ecógrafos que se pode considerar que chegaron ao remate da súa vida útil. Así, logo da realización dun estudo do estado destes ecógrafos, o departamento sanitario galego levou a cabo unha priorización de equipamentos cuxa substitución é urxente e que é necesario renovar.

O contrato recolle ecógrafos para todas as áreas sanitarias e para os sete hospitais comarcais.

Os centros a que van destinados estes novos ecógrafos son, na área sanitaria da Coruña e Cee, ao Hospital Teresa Herrera do C.H. Universitario da Coruña e ao Hospital Virxe da Xunqueira; na área sanitaria de Vigo, ao Hospital Álvaro Cunqueiro e ao Hospital Meixoeiro; na área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza; ao Hospital Clínico Universitario de Santiago e ao Hospital de Barbanza; na área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, ao Hospital Lucus Augusti, ao Hospital de Monforte e ao Hospital da Mariña; na área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, ao Hospital Materno Infantil de Ourense, ao Hospital de Verín, e ao de Valdeorras; na área sanitaria de Pontevedra e O Salnés, ao Hospital Provincial de Pontevedra, ao Hospital do Salnés e ao Centro de Especialidades de Mollabao en Pontevedra; e na área sanitaria de Ferrol, ao Hospital Arquitecto Marcide.

Coa adquisición destes ecógrafos, a Xunta de Galicia continúa a desenvolver o Plan de renovación e modernización do equipamento electromédico e de alta tecnoloxía de todos os centros do Sergas. Así, nos orzamentos do 2023, o Executivo galego reserva máis de 30 millóns de euros para seguir renovando bloques cirúrxicos e equipamentos de ecografía en todos os hospitais galegos.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Hai que remarcar, así mesmo, que a Xunta licitou o ano pasado, cun investimento de 5,3 millóns de euros, dous contratos de subministracións, un para adquirir 48 novos ecógrafos para os servizos de radiodiagnóstico dos hospitais públicos galegos, e un segundo para facerse con 16 ecógrafos destinados, na súa maior parte, aos servizos de urxencias. Logo de formalizárense os contratos coas distintas empresas adxudicatarias a comezos deste ano, os equipamentos están xa instalados. As contratacións realizadas achegaron novo equipamento de ecografía á totalidade dos hospitais da rede pública galega, incluíndo os sete hospitais comarcais, que recibiron todos eles cando menos un novo ecógrafo, ben sexa para urxencias ou para radiodiagnóstico.

### Actividade

A respecto da compra destes aparellos que hoxe autoriza o Executivo galego, xinecoloxía e obstetricia son as dúas disciplinas dunha única especialidade médica. Obstetricia fai referencia á atención á muller durante o período de embarazo, parto e puerperio. No caso da muller embarazada, os exames de ultrasóns son realizados para detectar os casos de maior risco de problemas maternos ou fetais. Ademais, teñen como obxectivo máis específico obter unha apreciación das características e conformación xeral do bebé. Os médicos recomendan a realización de entre tres e catro ecografías ou ultrasóns para ver a evolución do bebé nas diferentes etapas da súa xestación nun embarazo normal.

Por outro lado, a xinecoloxía é unha das especialidades médicas máis demandadas. Desde o inicio das relacións sexuais, o ben a partir dos 18 anos, é recomendable realizar revisións xinecolóxicas. Pois ben, a ecografía é unha proba complementaria básica en xinecoloxía. Non é invasiva, é indolora e tamén é inocua.

Nos hospitais do Sergas traballan máis de 260 facultativos en obstetricia e xinecoloxía, cunha poboación de referencia de máis de 1.150.000 mulleres maiores de 14 anos. Neles realízanse, anualmente, máis de 104.000 consultas primeiras; máis de 290.000 consultas sucesivas; máis de 16.000 cirurxías; e máis de 13.000 partos (entre partos vaxinais e cesáreas). Na práctica totalidade das atencións a ecografía é fundamental.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DESTINA 550.000 EUROS Á REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE INCORPORACIÓN SOCIAL EN VIVENDAS PARA PACIENTES DROGODEPENDENTES

- O obxectivo é apoiar as persoas que seguen un tratamento de deshabitación de trastornos aditivos para facilitar a súa incorporación social e promover unha vida autónoma no ámbito residencial
- O Goberno galego incrementa a partida destinada a este programa nun 8,8 %, respecto da anterior convocatoria

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a convocatoria dunha nova liña de axudas, dotada con 550.656 euros, para a realización de programas de incorporación social en vivendas, para pacientes estabilizados nas unidades asistenciais especializadas en drogodependencia.

Nesta convocatoria poderán participar, en réxime de concorrencia competitiva, as entidades privadas sen ánimo de lucro que realicen programas de inclusión e emerxencia social destinados a persoas afectadas por distintos tipos de adiccións. Estas persoas deberán estar participando nun programa terapéutico de rehabilitación nas unidades de atención a drogodependencias, incluídas no circuíto de asistencia sanitaria aos trastornos adictivos en Galicia.

O obxectivo desta liña de axudas é apoiar as persoas que seguen un tratamento de deshabitación de trastornos adictivos, co ánimo de facilitar a súa incorporación social e promover unha vida autónoma en ámbito residencial.

Para acadar este fin, o Goberno galego incrementou nun 8,8 % a partida destinada a un programa que, por primeira vez, terá carácter bianual (2023 e 2024). Con este cambio, preténdese que se resolva a convocatoria o máis cedo posible e, ademais, minorar os tempos de tramitación que provocaría realizar unha convocatoria anual. Deste xeito, a Xunta achegará un montante de 275.328 euros para cada anualidade.

#### **Aposta pola rehabilitación e integración social**

Desde o ano 2010, convócanse axudas para a realización de programas de incorporación social en vivendas para persoas con problemas de adiccións. Neste senso, as vivendas de apoio ao tratamento son un recurso que permite garantir un espazo físico de convivencia á poboación drogodependente. Así, favorecen a súa estabilización e adherencia aos tratamentos, ademais de incidir no seu proceso de rehabilitación e integración social.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este apoio residencial tamén facilita, mediante un conxunto de actuacións de carácter socioeducativo, a adquisición e mantemento de condutas axeitadas para a súa progresiva normalización social e incorporación ao mundo laboral.

De acordo coa necesidade de realizar unha atención integral, o emprego destas unidades convivenciais para pacientes drogodependentes posibilita afrontar as dificultades xerais que xorden nos procesos de rehabilitación e, ao estar nunha contorna semitutelada, facilítase a adaptación a un novo marco de convivencia, baseado nunha xestión formada e responsable da súa vida cotiá.

Finalmente, o programa, tamén incide no seguimento do proceso de recuperación, desde a fase inicial de acollida ata a fase final de reinserción, para aquelas persoas usuarias que, por razóns de distancia, dificultades económicas, ou outros motivos, non poden vivir na propia casa coa súa familia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DESTINA 1,2 MILLÓNS DE EUROS A AXUDAS PARA PROGRAMAS SOCIOSANITARIOS NO ÁMBITO DOS TRASTORNOS MENTAIS

- O Executivo galego anticipará ás entidades beneficiarias o 100% da subvención no momento da notificación da concesión
- O incremento anual destas axudas representa case un 20%, cunha contía que se ten duplicado desde a aprobación do Plan de Saúde Mental de Galicia en 2020
- Incorporáranse nesta convocatoria dúas novas tipoloxías respecto da realizada o ano anterior

O Consello da Xunta aprobou a orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o procedemento para a concesión de subvencións a entidades sociais sen ánimo de lucro destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario no ámbito dos trastornos mentais, por un importe de 1.234.422 euros. Cómpre remarcar que a Xunta anticipará ás entidades beneficiarias o 100% da subvención no momento de notificación da concesión.

A aprobación no ano 2020 do Plan de Saúde Mental de Galicia poscovid 2020-2024 supuxo o inicio da aprobación de convocatorias anuais de axudas para as entidades deste sector. Así, a convocatoria de 2020 contou cun crédito de máis de 517.000 euros, que aumentou ata superar os 860.000 € no ano 2021. Finalmente, no vixente ano 2022 esta orde repartiu axudas por importe de 1.041.274 euros, beneficiando a 59 programas. O incremento anual da convocatoria de 2023 supera por tanto os 193.000 euros, case un 20% máis que en 2022. A evolución ascendente destas axudas ten suposto máis que duplicar a súa contía desde a posta en marcha do Plan de Saúde Mental de Galicia.

Mediante esta orde de subvencións aglutínanse a maior parte das axudas do Sergas ao trastorno mental, financiando programas estratéxicos para avanzar na mellora da saúde mental da poboación galega.

O incremento máis notable de financiamento corresponde á liña de programas de prevención do suicidio, que pasa de ser de 400.000 euros fronte aos 100.000 da convocatoria anterior. O departamento sanitario galego considera necesario incidir nos programas de prevención e detección de risco de suicidio así como de sensibilización cidadán e de capacitación de profesionais neste eito, prestando maior atención aos colectivos máis vulnerables, menores e anciáns.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais deste incremento antes sinalado, incorpóranse dúas tipoloxías de programas aos subvencionados na convocatoria anterior, os destinados á sensibilización e educación de familias, centros educativos, institucións e empresas para a promoción do uso seguro e responsable das tecnoloxías para a relación, a información e a comunicación; e os orientados á promoción do benestar, a atención ás dificultades e a prevención de situacións de desatención e soidade non desexada, particularmente no colectivo de persoas maiores, achegando recursos e servizos para previr, detectar e intervir ante estas situacións.

Esta incorporación de novas tipoloxías é consecuencia de que, no vindeiro ano, segue a ser necesario un apoio especial a todos os tipos de trastornos mentais incluídos os adictivos, que dean resposta ás necesidades das persoas con trastorno mental e adiccións, patoloxías que incrementaron a súa prevalencia tras a pandemia da covid-19.

### **Actuacións subvencionadas**

As actuacións subvencionadas no marco da Orde de axudas hoxe aprobada teñen unha enorme repercusión, posto que permiten desenvolver proxectos de obras de reforma para servizos de atención a persoas con trastornos mentais e/ou adictivos; e de obras de conservación de centros e servizos de atención a doentes con estes trastornos.

Tamén posibilitan a adquisición de subministracións, equipamento e vehículos que faciliten a prestación de servizos a estes pacientes; de atención domiciliaria a persoas con trastorno mental severo e aos seus achegados; e de apoio emocional aos que teñan un trastorno mental severo, cuidadores e achegados.

Igualmente, permiten realizar actividades de prevención e promoción da saúde mental e os estilos de vida saudables dirixidos a persoas con trastorno mental e os seus cuidadores; de redución do estigma da enfermidade mental; de información, orientación e asesoramento sobre saúde mental en recursos especializados; de protección da saúde mental infantil; ou de capacitación do voluntariado dirixidos a quen padeza un trastorno mental severo.

Asemade, posibilitan proxectos de formación de profesionais de entidades de iniciativa social orientados a mellorar a capacitación na detección de persoas en risco de presentar un trastorno mental; de apoio psicosocial aos que padecen trastorno de personalidade e os seus achegados; e, ademais, de trastornos da conduta alimentaria.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Xunto ao anterior, as actividades subvencionadas posibilitan programas sociosanitarios de rehabilitación de persoas afectadas por ludopatía e adicción alcohólica; os dirixidos á procura de emprego das persoas cun trastorno mental ou adictivo; os de inserción social e laboral para aqueles con problemas xurídicos con trastornos mentais ou adictivos; de atención xurídico social aos que padecen trastorno mental severo; ou os de sensibilización cidadá no ámbito do suicidio.

As actuacións subvencionadas tamén abranguen a prevención selectiva sobre poboación en risco; así como a capacitación a profesionais sociosanitarios na identificación e protocolos de actuación no caso de risco de suicidio.

### **Plan de Saúde Mental de Galicia**

Ademais do aumento do apoio ás entidades asociativas do sector, o Plan de Saúde Mental da Xunta, dotado con 83 millóns de euros, prevé ata o ano 2024, a creación dun total de 241 prazas no sistema público, estando xa contratados 125 profesionais.

Ademais, para dar á cobertura destas prazas a máxima prioridade para atraer a todos os profesionais dispoñibles, incluíronse no ámbito de actuación da recentemente aprobada Lei de medidas extraordinarias para a provisión de prazas de difícil cobertura, que permitirá que as prazas de psicoloxía, psiquiatría e enfermaría especialista que derivan deste Plan poidan cubrirse por concurso de méritos.

Por outra banda, a Xunta ten aumentado tamén as prazas formativas para este persoal: na última convocatoria de Formación Sanitaria Especializada, Galicia incrementou un 53% as prazas formativas para psicoloxía clínica e un 33% as de psiquiatría. Ademais, converteuse nunha das primeiras comunidades autónomas en formar a especialistas en psiquiatría da infancia e adolescencia, un fito longamente esperado no sector.

Galicia conta pois, na actualidade, grazas á aplicación deste plan, con máis servizos e máis profesionais que nunca para atender a persoas con algunha doenza mental.

Finalmente, o Plan permitiu tamén incrementar as prazas concertadas nos centros de rehabilitación psicosocial e laboral, pisos protexidos ou unidades residenciais. No ano 2023 a Xunta vai destinar 9,1 millóns de euros a estes concertos, case un 50% máis dos fondos que había en 2020, antes de iniciar o Plan de Saúde Mental.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINA 10 M€ PARA O SERVIZO DE ATENCIÓN RESIDENCIAL, EDUCATIVA E TERAPÉUTICA NOS CENTROS DE MENORES DE MONTELEDO E MONTEFIZ, EN OURENSE**

Trátase de que as mozas e mozos que cumpren medidas xudiciais adquiran habilidades sociais, laborais e educativas necesarias para a súa integración social unha vez finalizada a medida xudicial pola que foron internados

O Consello da Xunta aprobou hoxe a convocatoria dun procedemento de selección dunha entidade privada sen ánimo de lucro para levar a cabo a atención residencial e a intervención educativa integral e terapéutica nos centros de menores de Monteledo e Montefiz, pertencentes ao Complexo de Montealegre en Ourense. A contía que se destina a este procedemento ascende a 10,1 millóns de euros.

A duración do convenio será de dous anos –do 1 de abril de 2023 ao 31 de marzo de 2025– e poderá prorrogarse por acordo expreso das partes ata un máximo doutros dous.

A través deste acordo de colaboración, a Xunta garante a atención e protección de menores que teñen que cumprir unha medida de internamento en calquera das modalidades previstas na lei: aberto, semiaberto e pechado. Así mesmo, inclúe a atención dos fillos e fillas menores de tres anos que convivan coas súas nais internadas.

As medidas de internamento teñen como obxectivo dispoñer dun ambiente que protexa as condicións educativas axeitadas para que a moza ou mozo poida reorientar aquelas actuacións ou comportamentos que motivaron o seu ingreso. O procedemento de reinserción persegue a súa socialización e a adquisición de habilidades sociais, laborais e educativas necesarias para a súa integración social unha vez finalizada a medida xudicial.

O número de prazas autorizadas nestes centros é de 23 para o de Montefiz e 37 para o de Monteledo –25 para as medidas de internamento e 12 para as de carácter terapéutico–.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA INVESTIRÁ 3,4 M€ ATA 2026 NO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN FAMILIAR PARA ATENDER NENOS E FAMILIAS EN QUE SE DAN SITUACIÓNS DE DESPROTECCIÓN OU MALTRATO

A través deste programa, que a partir de 2023 se desenvolverá mediante o réxime de concerto social, actúase nos fogares con nenos e adolescentes vulnerables en tres áreas: a funcionalidade, a preservación e a reunificación familiar

O Consello da Xunta aprobou hoxe a convocatoria, mediante o réxime de concerto social, da execución do Programa de integración familiar, en que investirán 3,4 millóns de euros ata o ano 2026. A través deste programa, que nos últimos exercicios se desenvolve en colaboración coa Fundación Meniños, aténdese cada ano a uns 200 nenos e familias en que se dan situacións de desprotección e maltrato.

O Programa de integración familiar permite actuar en tres áreas principais. A primeira delas é a funcionalidade, con accións centradas en que a familia poida romper dinámicas de deterioración que poden supoñer a fin da convivencia. A segunda área de intervención é a preservación, mediante a promoción de recursos que eviten a separación dos menores da súa familia, e o terceiro eixe é a reunificación, coa que se busca facilitar o retorno á casa dos nenos e adolescentes que tiveron que ser separados das súas familias e están a residir en centros de protección.

Para conseguir estes obxectivos, os profesionais do programa empregan tres ferramentas fundamentais. Unha delas é a intervención psicosocial, que consiste en transmitir estratexias para mellorar o funcionamento persoal e familiar, xerando cambios nalgúns dos membros ou nas condicións de vida da familia, ademais de favorecer unha axeitada integración desta en redes de apoio social que proporcionen un ambiente familiar afectivo e protector para os menores

### **Terapia e educación**

A segunda ferramenta baséase na terapia familiar, para resolver problemas psicolóxicos, de relacións ou de conduta das persoas implicadas na protección dos nenos e adolescentes ao seu cargo. E a terceira é a educación familiar, orientada a que as familias adquiran habilidades e hábitos axeitados para atender as necesidades físicas, afectivas, de organización familiar e de axeitada resposta ás condutas dos menores.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# GALICIA DESTINA MÁIS DE 300.000 EUROS EN 2023 A DISTINTAS ACCIÓNS PARA IMPULSAR O CONSUMO E O VALOR DO MEXILLÓN

- O Consello da Xunta aprobou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e o Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida Mexillón de Galicia para promocionar este molusco
- O acordo, polo que cada parte achega 160.000 euros, inclúe distintas accións que se desenvolverán ao longo do próximo ano para difundir a calidade deste produto e os beneficios do seu consumo entre a cidadanía
- Os prezos deste recurso teñen marxe de mellora malia que o ano pasado marcaron a mellor cotización media da serie histórica ao acadar os 0,55 euros o quilo

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e o Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida (DOP) Mexillón de Galicia para promocionar e mellorar a comercialización do produto certificado con este selo, favorecendo así tanto o seu recoñecemento por parte da cidadanía como o aumento da demanda e dos prezos deste molusco. A Consellería do Mar realiza unha achega de 160.000 euros ao Consello Regulador, que achega outros 160.000 euros, co que o orzamento total ao abeiro do convenio ascende a 320.000 euros.

Esta colaboración, cofinanciada co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) e que vai estar vixente desde a súa sinatura a comezos de 2023 ata o 30 de novembro dese mesmo ano, permitirá desenvolver distintas accións de promoción e difusión da calidade do mexillón de Galicia para mellorar os resultados do sector acuícola e das industrias relacionadas con el nos eidos da comercialización, a promoción e o consumo.

Entre as accións previstas inclúense actividades de promoción en distintos eventos coa finalidade de dar a coñecer a variedade de formatos en que se pode atopar (fresco, en conserva, cocido, conxelado ou pasteurizado, entre outros) e os beneficios que ten o seu consumo. A maiores, ampara iniciativas como a monitorización do rendemento do mexillón comercializado baixo a DOP -co obxectivo de tomar as mellores decisións tanto na produción como na comercialización- ou a automatización do proceso de cocción do molusco, optando por enerxías renovables en substitución dos combustibles fósiles.

O convenio tamén atende a necesidade de promocionar o produto certificado entre o conxunto da cidadanía e por iso recolle accións para a súa difusión en medios de comunicación xeralistas, outras máis concretas dirixidas a determinados colectivos para dar a coñecer o produto ou a presenza de elementos de identidade corporativa en recintos deportivos ao aire libre.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A finalidade de todo este traballo de promoción é enxalzar o valor engadido do mexillón galego certificado -un produto da máxima calidade- para que acade mellores prezos no mercado. De feito, este tipo de colaboracións -que vai xa pola súa terceira edición- contribúe a impulsar o sector e a mellorar a produción e os resultados dos produtores especialmente nun momento en que a súa actividade se ve condicionada pola suba dos prezos da enerxía e outros factores como as consecuencias da guerra en Ucraína.

Os prezos do mexillón galego aínda teñen marxe de mellora malia que o ano pasado marcaron a mellor cotización media da serie histórica ao situarse nos 0,55 euros o quilo. Por iso, o convenio inclúe máis dunha ducia de accións para a súa promoción co obxectivo de que poida aumentar a súa presenza nos mercados e que se incremente o seu valor, incidindo así na rendibilidade das empresas do sector e impulsando a actividade e o emprego das zonas costeiras de Galicia que contan cunha importante actividade bateira.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **GALICIA PROMOVE A COLABORACIÓN ENTRE EMPRESAS PARA DESENVOLVER PROXECTOS QUE APOSTEN POLA DIXITALIZACIÓN, A SUSTENTABILIDADE E A LOXÍSTICA AVANZADA**

- A nova liña de obradoiros do Goberno galego suma 600.000 euros para fomentar espazos colaborativos co obxectivo de capacitar as empresas na preparación de iniciativas que respondan aos principais retos da economía
- Os apoios serán do 100 % dos gastos subvencionables ata un máximo de 25.000 euros por proxecto, cun límite de 60.000 euros por entidade beneficiaria
- Os obradoiros actuarán como xeradores de proxectos que poderán presentarse ás diferentes axudas nestes eidos, dirixidos especialmente a iniciativas colaborativas, levando á realidade as solucións comúns ideadas
- O prazo de presentación de solicitudes abrirase tras a publicación da convocatoria no DOG o 10 de xaneiro e coa previsión de acadar os 30 obradoiros

O Consello da Xunta avaliou hoxe a próxima activación de novos obradoiros de dixitalización, sustentabilidade e loxística avanzada impulsados pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación co obxectivo de crear espazos de colaboración entre as empresas galegas para a preparación de proxectos que respondan aos retos principais da economía.

Neste sentido, e no marco da aposta do Goberno galego pola transformación dixital e sustentable dentro do desenvolvemento integral do tecido produtivo, os obradoiros, que acadan a súa quinta convocatoria, configúranse por primeira vez como espazos multidisciplinares de dixitalización, sustentabilidade e loxística avanzada.

Deste xeito, funcionan como xeradores de proxectos que, máis tarde, poden presentarse a convocatorias de axudas. A través deles, as empresas teñen a oportunidade de explorar solucións tecnolóxicas e vías de colaboración na implementación de ferramentas dixitais, na procura de desenvolver e implantar procesos ou produtos máis sustentables ou melloras a prol dunha función loxística máis avanzada e sustentable.

Cun orzamento de 600.000 euros, poden participar nestes obradoiros os organismos intermedios de carácter empresarial e outros axentes con capacidade de albergar o proceso de concienciación e reflexión conxunta para a xeración de proxectos, como é o caso das asociacións e clústeres empresariais, dos hubs de innovación dixital ou dos centros tecnolóxicos.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os apoios, que se concederán en réxime de concorrència competitiva, ascenden ao 100 % dos gastos subvencionables ata un máximo de 25.000 euros por iniciativa, cun límite total por entidade beneficiaria de 60.000 euros. Deste xeito, prevese que se poidan apoiar arredor de 30 novos obradoiros.

Así mesmo, o prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* -que se realizará o 10 de xaneiro-.

Esta é a quinta convocatoria dun programa que promoveu ata o de agora 125 obradoiros de dixitalización cun investimento de máis de 2,3 millóns de euros, contribuíndo así a impulsar a reactivación do tecido empresarial de Galicia a través da transformación tecnolóxica e o impulso aos procesos de dixitalización.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA